



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás actuacións que debe iniciar a Xunta de Galicia para **garantir o mantemento das escolas unitarias de San Lourenzo (Agrón) e de Covas no Concello de Ames**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 18 de xuño de 2013, a tres días do peche do curso escolar e cando xa existe unha estimación de matrícula, produciuse un anuncio desde os responsables da administración educativa que está producindo unha situación de alarma na comunidade educativa afectada.

Referímonos ao anuncio, realizado de forma sorpresiva e sen que ninguén dialogase coas persoas responsables delas, de que se pecharían para o curso que vén as escolas unitarias de San Lourenzo (Agrón) e a de Covas, xunto coa nova de que, ademais, o alumnado sería derivado ao centro de referencia do CEIP A Barouta.

Este anuncio é irresponsable e, desde logo, non obedece a razóns lóxicas.

Cómpre sinalar que a Escola Unitaria de Covas conta con 14 alumnos e alumnas inscritos, aumentando en 5 con respecto ao curso pasado, non podendo considerarse, polo tanto, centro en declive, senón todo o contrario.

A Escola Unitaria de Agrón, pola súa banda, conta con 10 alumnos e alumnas garantidos para o vindeiro curso 2013-2014. Que se trata dun centro necesario demostra o convenio asinado entre a Deputación de A Coruña e o Concello de Ames a inicios de xuño de 2013 para realizar unha serie de melloras na escola unitaria de Agrón.

Consideramos improcedente tanto o anuncio realizado polas instancias educativas, como as formas pouco democráticas mantidas. Os datos demostran que estamos falando de centros de ensino con demanda. Unha demanda que vén de vello xa que nelas se educaron xeracións

enteiras de veciños e veciñas.

A existencia destas escolas unitarias é, ademais, necesaria non só pola importancia que teñen á hora de artellar as comunidades en que se insiren, senón tamén porque cumpren cunha importante función de desconxestión do centro de referencia, o CEIP A Barouta, que conta cunhas 80 novas solicitudes de matrícula para educación infantil e primeiro curso de educación primaria. Estes números falan xa de masificación para o curso 2013-2014, onde as aulas de 3 anos non dan acollido todas as solicitudes previstas, polo que se está pensando mesmo en mesturar aulas con nenos de distinta idade.

Falamos dun caos xerado de forma irracional dende a Consellería de Educación. Vémonos na obriga de insistir en que mesmo os responsables de educación do Concello de Ames non saben nada do anunciado peche. Isto é realmente inadmisibile para a correcta saúde do diálogo entre administracións públicas, para a saúde do recto comportamento da democracia.

Existe descoñecemento mesmo na ANPA do CEIP A Barouta, considerando as consecuencias en cuestión de masificación futura das aulas de 3 anos. Unha situación, sen dúbida, gravísima para o correcto desenvolvemento da praxe educativa e un ataque á calidade da educación pública.

#### **ACORDOS**

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario de **Alternativa Galega da Esquerda** presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a:

- 1) Manter abertas as escolas unitarias de San Lourenzo de Agrón e de Covas no Concello de Ames.
- 2) Respetar as canles de diálogo entre administracións e informar de forma correcta e axeitada a toda a comunidade educativa

Compostela, 19 de xuño de 2013.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Deputado e Portavoz suplente do G.P. da AGE



Asdo.Ramón Vázquez Díaz

Deputado do G.P. da AGE

**Asinado dixitalmente por:**

**José Javier Ron Fernández na data 19/06/2013 13:43:11**

**Ramón Vázquez Díaz na data 19/06/2013 13:43:14**